



TORRE DE HÉRCULES

Faros da Antigüidade

Aínda que existen poucas referencias sobre a orixe e primitivo desenvolvemento dos faros, parece lóxico supoñer que estas se remontan aos primeiros intentos de navegación cando o home se propuxo ir máis alá dos límites visuais dos seus primeiros portos.

Nun principio, cando a navegación se facía só durante o día, sen separarse moito da costa e sen perder de vista a terra firme, os sinais de orientación eran o simple recoñecemento dos propios accidentes naturais da paisaxe, porén, a situación cambiou cando esas identificacións se complicaron e foi preciso introducir algún elemento que permitise recoñecer a costa, así naceron os sinais marítimos artificiais, é dicir, os faros. A este respecto podemos encontrar exemplos nos cinco continentes aínda que de tipoloxías moi distintas. Nas súas orixes todos se vincularon a personaxes mitolóxicos e recoñecéronse as súas propiedades máxicas, pero co desenvolvemento do coñecemento o home pasou a converterse no construtor dos seus propios faros.

En todas as civilizacións da Antigüidade tanto no ámbito mediterráneo -exipcios, fenicios, gregos ou romanos- como no ámbito oriental -a China das dinastías Shang e Zhou- ou no ámbito americano -aztecas, maias e incas-, desenvolvéronse diferentes sistemas de sinalización marítima máis ou menos complicados pero que non chegaron ata nós feito que os condenou a simples testemuños arqueolóxicos.

Neste sentido a Torre de Hércules é o derradeiro elo dunha gran cadea da que formarían parte os principais faros da Antigüidade, entre outros, algúns exemplos emblemáticos, como o faro de Alexandría ou o Coloso de Rodas, que foron recoñecidos por Antípato de Tesalónica como unha das sete marabillas do mundo antigo.

Fronte a outros exemplos hoxe perdidos, como o faro de Ostia, o de Nápoles (Italia) ou o citado faro de Alexandría (Exipto), a Torre de Hércules é o único sinal marítimo que se mantén operativo de todas as torres de apoio á navegación que a civilización romana construíu tanto no litoral mediterráneo como no atlántico.

Faro de Alexandría (Exipto)


Foi o máis celebre dos faros da Antigüidade. Estaba situado na desembocadura do Nilo, fronte á cidade de Alexandría, na illa de Pharos, e facilitaba o acceso ao porto. Presumiblemente se construíu en tempos de Ptolomeo Soter, un dos xenerais de Alexandre Magno, baixo a dirección do arquitecto Sótrato de Cnido.

Segundo as numerosas descrições conservadas, era unha torre de tres corpos decrecentes en altura dos cales o primeiro era de sección cadrada e presentaba un lixeiro noiro nas paredes; o segundo era de planta octogonal e de menor altura; e o terceiro corpo ou remate servía de base á estatua. Nas moedas romanas de época de Traxano, Adriano e Antonino Pío aparecen as representacións dos tritóns na terraza do primeiro corpo. No que se refire ás dimensións, as fontes difiren e barállanse valores comprendidos entre os 110 e os 122 m de altura.

Deste impresionante non se conserva practicamente nada. A principios do século VIII, tras a conquista de Exipto polos árabes, estes empezaron a desmontalo porque crían que nos seus cimentos había enormes tesouros. No 736, un terremoto destruíu a parte superior. En tempos do sultán Ahmed-Ben-Tutún restauráronse parte das estruturas, pero un novo terremoto no 995 causou novos desperfectos na estrutura do faro. No 1274, o sultán Bibars desmontou a cúpula do remate para construír unha pequena mesquita. No 1302, un novo tremor dana a estrutura da construción e debeu de provocar a súa ruína porque en 1349 xa non queda practicamente nada. No 1477 o sultán Quait-Bay visitou a cidade e decidiu levantar unha fortaleza sobre os cimentos do antigo faro. Como testemuño da antiga construción consérvase unha torre cadrada de grandes dimensións que seica son os cimentos do propio faro.

O Coloso de Rodas (Grecia)

Antípato de Tesalónica considerouno unha das sete marabillas do mundo, aínda que non pode confirmarse que se utilizase como faro. Localizábase na illa de Rodas, na entrada do porto, e representaba a figura de Helios. Edificouse en torno ao ano 300 a. de C. e as obras duraron aproximadamente vinte anos. O seu construtor foi o escultor Cares de Lindos, un dos discípulos de Lisipo, que morreu antes de concluílo e por iso foi substituído por Lachus que foi o encargado de terminalo. A vida deste Coloso foi moi curta, só durou uns sesenta anos, porque no 225 a. de C., un terremoto fracturou a escultura á altura do xeonllo e este caeu. Anos máis tarde, segundo a tradición, volveron levantalo porque na *Crónica* de Miguel Sirio (século VII) se detalla que os árabes conquistaron a illa e venderon a estatua a un comerciante xudeu que empregou mil camelos para transportar os anacos. O solar foi ocupado polo forte de San Nicolao.



TORRE DE HÉRCULES

A lenda fálanos dunha figura de bronce de 70 cúbados de altura (aprox. 40 m), espida e coas pernas separadas, apoiada cada unha delas nun peirao diferente. Entre as súas pernas pasaban as frotas que percorrían o arquipélago e o mar Exeo. O seu brazo dereito alzábase cara ao ceo e sobre a súa man sostíña a gran copa na que diariamente se acendía a fogueira que servía como sinal para a navegación.